



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Pois a min unha vez aquí viñemos o xenro desa amais eu, esto, Don Jesús tiña aquí un, un amigo de, del que viña, viñera de Cuba tamén, viñera de Venezuela, de onda Don Santurnino e veuno visitar aquí a Don Jesús. E Barreiro, un xenro desta muller veu onda, onda Don Jesús pra bautizalo rapaz, non sei se era, cal dos rapaces era, cando casou a túa filla home a...

- Sí, si, ben sei.

E veu e eu iba pó Pucho, e resulta que Don Jesús veume e Barreiro subeu pa riba, e díxolle Don Jesús a Barreiro:

- Quen foi ese que, que era ese non era Mato?

Dice:

- Sí.
- E pa onde vai?

Dice:

- Vai pó Pucho.
- Oe, vai alá tí tamén ho, e dille que veña por aquí e tomamos, botamos unha partida.

E, e entonces Barreiro chegou ó Pucho e díxome:

- Oes Mato, dixo Don Jesús que vaias, que veñas comigho.

Díxenlle eu :

- Bueno e a que? Tes que firmar algún papel?

Porque el viña asentalo rapás amais polo casamento da cuñada.

Díxenlle eu:

- Tes que firmar algún papel?

Dixo:

- No, no, quere botar unha partida – dixo – e don Jesús foi pillo que, encargoume un paquete de tabaco pa que volvera.

E así que (...) Dixen eu:

- Coño, eu anduven seghando na herba, no centeno toda a tarde.

E díxenlle ás mulleres, a, á miña muller a mais a miña nai en paz descanse, díxenlle eu:

- Preparade a cea que eu vou ó Pucho pero veño rápido.

Esto era o vintaseis de junio. E, e resulta, elas prepararon a cena, e eu chégame o Barreiro co ló ese, e entonces dixen eu:

- Ai eu non podó ir que teño que marchar pá casa pronto e máis tou cansado!

E dixo el:

- Pois don Jesús díxome que veñas por alí.
- Bueno, pois se é enredar un poquiño moi ben.

Pero coño, cheghamos aí, e, e entrou Barreiro diante e díxolle Don Jesús:

- E Mato non vén?
- Sí, ven aí.
- Ai, bueno! – e entonces don Jesús – Bueno, imos botar unha partida.

Don Jesús tiña o costume, aquí de, o que perdía tomar un vaso de agua e entonces díxenlle eu:

- Bueno eu a partida bótolla, pero, pa enredar pouco, pero agua non lla tomo.
- Bueno pero teño coñá e teño viño e tal.
- Bien, bueno se é así a cousa bien.

Reuslta que tabamos aquí, aquí neste sitio, eu estaba aquí, Barreiro alí, o, o Don Jesús aí e o outro aí. E empezamos a xoghar á escoba, xoghar ó tute e veña partida e veña viño, veña coñá, veña aghuardiente que pasa que eran as catro da mañán cando salín daqui.

E baixei por aí abaixo en ves de ir pola carretera, seghín de fronte polo terraplén e caín embaixo no medio dunhas coles que tiña aí o Don Jesús.

E resulta que viñan xa a miña muller amais miña nai en busca miña, porque iba vir de contado, eran as catro da mañán non aparecera e, e viña un veciño de, noso, con elas tamén e entonces sinteume roñar a min no fondo das coles:

- Mato?
- Que pasa?
- Pero onde estás?

Non se vía nada. Eu taba embaixo entre as coles de Don Jesús e despois fun pá casa e tuven suerte non me matare. E quero decirlle con esto que, aquel día eu baixaba por aí abaixo pero que, aquí non se vía co fume do tabaco, todos a fumare e despois tomamos unha botella de coñá, aghuardiente, viño, galletas, xamón, que sei eu! Ahora que eles tamén colleron! Eles iban ghobernados tamén!

E, e Barreiro perdeu a carteira, usté acordarase deso.

- Sí, sí.

Perdeu a carteira e despois ó outro día pola mañán volveu por ela. (...) Eu salín por aí abaixo que, esto, todo é dreito. En ves de coller pola carretera abaixo collín pa baixo e, e logho cheghei á ponte, non, non me levou moito tempo, e eso que é alto, pero nada, non me levou moito tempo e eso que é alto.